DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 40 | Luns, 27 de febreiro de 2017 | Páx. 9694

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*EXTRACTO da Orde do 2 de febreiro de 2017 pola que se convocan axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras no ano 2017, destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos, en réxime de concorrencia competitiva.*

BDNS (Identif.): 331304.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index):

Primeiro. *Beneficiarios*

Alumnado de centros sostidos con fondos públicos que impartan ensinanzas de réxime xeral, durante o curso 2016/17, na Comunidade Autónoma de Galicia e que estea cursando 1º, 2º, 3º ou 4º de educación secundaria obrigatoria ou 1º ou 2º de bacharelato.

Segundo. *Obxecto*

Establecer as bases e convocar axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para realizar as actividades de formación dirixidas á mellora das competencias en lingua inglesa do alumnado de distintos niveis dos centros docentes sostidos con fondos públicos en Galicia, durante o ano 2017.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 2 de febreiro de 2017 pola que se convocan axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras no ano 2017, destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos, en réxime de concorrencia competitiva.

Cuarto. *Importe*

Importe total da convocatoria: 299.340 euros.

Nº de prazas: 682.

CVE-DOG: nmci4ay4-lej1-rr17-mgw9-ainj8qvddth2

Importe individual: a contía da axuda para cada persoa beneficiaria será a resultante de aplicar a diferenza entre o custo por praza e a achega que lle corresponda segundo os custos e os grupos de achega familiar (A, B, C e D) sinalados na táboa seguinte e de acordo co procedemento aplicado para a súa selección e asignación a un grupo de achega familiar:

| | | | Achega das familias (€) | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Nº prazas | Custo por praza (€) | Grupo A | Grupo B | Grupo C | Grupo D |
| 2º bacharelato | 33 | 800 | 100 | 180 | 300 | 350 |
| 1º bacharelato | 59 | 800 | 100 | 180 | 300 | 350 |
| 4º educación secundaria obrigatoria | 90 | 550 | 70 | 125 | 220 | 275 |
| 3º educación secundaria obrigatoria | 120 | 550 | 70 | 125 | 220 | 275 |
| 2º educación secundaria obrigatoria | 190 | 550 | 70 | 125 | 220 | 275 |
| 1º educación secundaria obrigatoria | 190 | 550 | 70 | 125 | 220 | 275 |

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Un mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2017

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

CVE-DOG: nmci4ay4-lej1-rr17-mgw9-ainj8qvddth2